



Wide Sargasso Sea: Jean Rhys and Antoinette Cosway. Arin Fay, 2006

A soas no faiado

Ancho mar do argazo • Jean Rhys • Manuel Forcadela (tradución) • Xerais, 2007 • 182 páx. • 16,50 euros

Tentei facerche comprender. Pero nada cambiou”. Esta frase que Antoinette, a protagonista de *Ancho mar de argazo*, pronuncia en certo momento da novela pode utilizarse para resumir a esencia dun libro que transcendeu as fronteiras do literario e que se converteu nun fito fundamental para os estudos feministas e poscoloniais.

Ancho mar de argazo formula, dunha maneira consciente e sólida, unha dobre crítica ao feminismo occidental branco imperialista e ao patriarcado a través da reescritura doutro clásico da literatura en lingua inglesa, *Jane Eyre*. A práctica das reescrituras resulta fundamental na crítica da maneira en que as metrópoles e o patriarcado construíron as e os suxeitos colonizados nunha descrición sen fisuras da superioridade dos homes, da cultura occidental e da raza branca.

Mais as fisuras sempre existen e Rhys, unha crioula branca nacida no Caribe, viviu perseguida polo fantasma de Bertha Mason, “a tola do faiado” de *Jane Eyre*, a ameaza que impide a felicidade da muller branca que loita no seu mundo “cristián e xusto” polos seus dereitos. Bertha Mason é a outra, a crioula vida do Caribe, encerrada para que a metrópole e o patriarcado

poidan conseguir os seus obxectivos.

Ancho mar de argazo dálle voz a Antoinette (a quen o seu home, nunca nomeado pero entendido como Rochester, cambia o nome por Bertha nun acto simbólico sen parangón), amósanos a súa vida dividida entre identidades, rexeitada polos brancos e polos negros por igual, cunha visión complexa e non maniquea dos conflitos que lle tocan vivir. Pero Antoinette é tamén unha muller presa polo mercado do patriarcado, suxeita aos designios do matrimonio cun home que non a ama pero precisa a súa fortuna, un home que provén da metrópole e que a atopa estraña, exótica, incomprendible e que polo tanto non lle dá a oportunidade de dialogar porque el asume unha superioridade inmediata polo lugar social que a súa pel e o seu sexo lle outorgan.

Por desgraza, malia ao fundamental que resulta a tradución deste libro ao galego, a frase “tentei facerche comprender, pero nada cambiou” podería aplicarse tamén a esta tradución. Un libro magnificamente escrito na súa versión orixinal, cheo de simbolismos, dunha linguaxe precisa e dunha impresionante caracterización dos personaxes na súa maneira de falar, pasa a ser un libro de difícil lectura, xa sen ter en conta os numerosos erros que nel existen. Os estudos feministas da tradución defenden o prólogo como un espazo de

subversión e agradécese que na colección As Literatas haxa ese espazo. Mais aquí vemos o que acontece cando o patriarcado apropia estratexias: elimínanse os significados. Antoinette ten aínda moitas casas que facer arder.

// María Reimóndez



Dobre crítica
ao feminismo
occidental
branco
imperialista e
ao patriarcado
a través da
reescritura
doutro clásico,
Jane Eyre.